



INSTRUCCIÓN PARA A SOLICITUDE DE PRAZA

Modalidade de solicitude

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pon á disposición das familias para a solicitude de praza en centros educativos sostidos con fondos públicos unha aplicación online, mantendo tamén a posibilidade de presentar esta solicitude de forma presencial.

(<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>)

O centro pon a disposición dos solicitantes os formularios normalizados (en versión papel ou dixital), que tamén poden descargarse da citada web.

Consulta do estado da solicitude

As familias poderán consultar o estado da tramitación das súas solicitudes a través da citada aplicación utilizando o código da solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.

Consulta automática de datos

Para a tramitación da solicitude de admisión, a familia pode autorizar a **consulta automática** dos seguintes datos que obran en poder da administración pública:

- DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar.
- Domicilio fiscal.
- Renda anual per cápita da unidade familiar.
- Condición de familia numerosa.
- Discapacidade do alumno, do proxenitor/a, do titor/a ou dos irmáns/ás recoñecida pola Xunta de Galicia.

No caso de que as persoas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos que acrediten calquera destas circunstancias.



PROCESO ADMISIÓN CURSO 2018-2019

O proxenitor/a deberá **achegar coa solicitude de admisión a seguinte documentación:**

- Copia do DNI da persoa solicitante e os membros da unidade familiar cando denegue a súa consulta.
- Documento acreditativo do requisito de idade do alumno/a.
- Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa.
- Convenio regulador ou resolución de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.

Nos casos en que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas ofertadas, no prazo indicado no calendario, o proxenitor/a deberá presentar a documentación xustificativa dos criterios de baremo que alegue ou, naqueles en que sexa posible, autorizar a súa consulta automática.